

"Corre, corre, cabaciña"

Polo Samáin lemos o conto "Corre, corre, cabaciña".
Gustounos moito e ademais de lelo, aprendemos a súa canción
e fixemos un mural moi bonito.



MAGOSTO

Como tódolos anos polo Magosto, o equipo de Normalización Lingüística do noso cole elaborou una unidade didáctica sobre o " Outono". Entre as actividades que propuxeron atopamos problemas con castañas , adiviñas, manualidades, cantigas , refráns,... Como proposta de lectura traballamos o poema " *As tres castañas*" e fixemos actividades sobre o mesmo.

AS TRES CASTAÑAS




Había un outono
tres castañas nun souto
¡Moi tristes estaban!
¡Ninguén as apañaba!

Unha era moi pequena
e moitos dicían
¡Que pena, que pena!

Outra era recheíña
e moitos dicían
¡Que gordiña, que gordiña!

A terceira era moi fraca
e moitos dicían
¡Que caca, que caca!

Un día chegaron
tres nenos ao souto



traían unha cesta
e castañas para a festa.

Un deles ao velas
chamou polos outros
¡Mirade que delas,
hai aquí no souto!

Un neno colleu
a castaña moi fraca
¡Que linda será,
cuns cornos de vaca!

A nena colleu
a castaña gordiña
¡Que linda será,
cunha boa gorriña!

O terceiro colleu
a castaña pequena
¡Que linda será,
cunha longa melena!

Así as castañas
contentas quedaron,
sen oír máis patrañas
á festa marcharon



ACTIVIDADES

Frases sobre o poema

-Pon V se é verdadeiro, e pon F se é falso

A historia ocorreu no inverno

As castañas estaban nun xardín

Había unha castaña moi fraca

Había dúas castañas gordiñas

Aos nenos que chegaron, gustáronlle as castañas

Á castaña pequena, poríanlle unha gorriña

Á castaña moi flaca, poríanlle uns cornos de vaca

As castañas ao final marcharon para a festa

Os que levaron as castañas, eran dúas nenas e un neno

Os que levaron as castañas, eran dous nenos e unha nena

□ A carón do souto onde estaban as castañas, había outras froitas e froitos do outono. Se ordenas as letras que aparecen a continuación, atoparás os seus nomes, en plural.

* A - N - D - O - S - E - M - A

* S - Á - Z - A - M

* C - E - S - O - N

* L - A - B - E - S - Á

* G - R - D - A - N - A - A

* M - E - C - O - L - S - O - G - O

* F - I - O - G - S

* S - A - V - U

